



CIRCULAR Nº 12

TEMPORADA 2022/23

NORMATIVA CAMPIONATOS GALEGOS 2022/2023

NORMAS XERAIS

1. A FGTM ofertará ós clubs interesados a **organización** dos distintos Campionatos Galegos 2022/2023.
2. O Comité de Actividades será o encargado de escoller a oferta de organización máis vantaxosa para cada un dos Campionatos Galegos.
3. Para poder inscribirse nos campionatos galegos é preciso ter **licencia** galega ou española en vigor, no intre do peche da inscrición.
4. Para a disputa dunha proba a **inscrición** mínima deberá ser de 4 equipos, 8 individuais e 8 dobres. Se nunha proba non se acadase a cota mínima de inscrición, o Comité de Actividades poderá decidir a realización dunha proba mixta.
5. Os **cabezas de serie** de tódalas categorías e probas, designaranse tendo en conta o ranking galego, agás o Campionato Galego Absoluto (*ver Normas Específicas Campionato Galego Absoluto*)
 - a. Na proba de **equipos**, determinaranse sumando os puntos que teñen os xogadores tendo en conta o sistema de xogo:
 - Corbillón, a suma dos 2 mellores xogadores inscritos en cada equipo.
 - Copa do Mundo, a suma dos 3 mellores xogadores inscritos en cada equipo.
 - b. Nas probas de **dobres**, determinaranse sumando os puntos que teñen no ranking galego, os xogadores que compoñen cada parella.
6. Sempre que a inscrición o permita, intentarase xogar en grupos na 1ª fase e eliminatorias na fase final.
7. Haberá **trofeos ou medallas** para os 4 primeiros (campión, subcampión e semifinalistas), en todas as categorías. Na modalidade de equipos, ademais do trofeo para os equipos, haberá medallas tamén para os xogadores.
8. As probas a convocar en todos os campionatos serán as seguintes:
 - a. Individuais masculinos e femininos.
 - b. Dobres masculinos e femininos
 - c. Dobres mixtos
 - d. Equipos masculinos e feminino.



9. Non haberá **límite de inscrición** para ningún campionato, exceptuando o C. Galego Absoluto.
10. Calquera **baixa** por enfermidade, lesión, convocatoria de selección, etc., que se produza fóra de prazo, terá que ser xustificada documentalmente ante o Comité de Actividades nun **prazo máximo de 48 h**. As baixas non xustificadas suporán unha **sanción federativa** de 20€ a aboar polo club. **Ningún club poderá inscribirse en ningunha competición oficial da FGTM tendo débedas pendentes coa mesma.**
11. As **baixas** que se produzan en calquera proba serán cubertas polos reservas, en caso de habelos, ocupando o posto que se produciu nesa vacante.

INSCRICIÓNS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

1. Para formalizalas **inscricións** os clubs galegos interesados en participar en cada un dos Campionatos Galegos deberán facer a súa inscrición seguindo as indicacións publicadas en cada circular e sempre antes do **prazo** estipulado.
2. Tras finaliza-lo prazo de inscrición, o Comité de Actividades publicará **listado provisional de inscritos** e enviará a cada club a **factura** correspondente cos dereitos de inscrición, que deberá ser aboada no prazo de 48 h para formalizala inscrición. Neste mesmo prazo, os clubs tamén poderán corrixir os erros de inscrición detectados.
3. Se non se realiza o pago correspondente, as inscricións non serán dadas como definitivas.
4. As inscricións recibidas **fóra de prazo** e mentres estea **vixente o listado provisional**, deberán aboar o **dobro** dos dereitos de inscrición fixados para ser admitidas.
5. Aquelas inscricións que se reciban posteriormente á publicación do **listado definitivo**, serán consideradas como reservas ante posibles baixas e deberán aboar o **dobro** dos dereitos de inscrición fixados.

Tendo en conta o excepcional desta tempada, o Comité de Actividades decidiu non modificar os importes dos dereitos de inscrición previamente aprobados pola anterior Xunta Directiva, quedando pendente a súa revisión de cara á próximas tempadas.



FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: actividades@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

CAMPIONATO E PROBA	DEREITOS DE INSCRIPCIÓN
Campionato Galego Prebenxamín	
Individual	1 €
Dobres	1 €
Equipos	5 €
Campionato Galego Benxamín	
Individual	1 €
Dobres	1 €
Equipos	5 €
Campionato Galego Alevín	
Individual	1 €
Dobres	1 €
Equipos	5 €
Campionato Galego Infantil	
Individual	3 €
Dobres	3 €
Equipos	7 €
Campionato Galego Xuvenil	
Individual	3 €
Dobres	3 €
Equipos	7 €
Campionato Galego Sub23	
Individual	5 €
Dobres	5 €
Equipos	10 €
Campionato Galego Veteranos	
Individual	5 €
Dobres	5 €
Equipos	10 €
Campionato Galego Discapacitados	
Individual	3 €
Dobres	3 €
Equipos	7 €
Campionato Galego Absoluto	
Individual	5 €
Dobres	5 €
Equipos	10 €



NORMAS ESPECÍFICAS

Campionato Galego Prebenxamín, Benxamín e Discapacitados

- Sistema de xogo por equipos: Corbillón (mínimo de 2 xogadores/as)
- O campionato galego de discapacidade física disputarase, de haber a inscrición mínima, nas modalidades de pé e cadeira, tanto en equipos como en individual. De non haber inscrición mínima, a fase de equipos será única entre equipos de pé, cadeira ou mixtos.
- A participación é aberta para tódalas persoas con calquera tipo de discapacidade, que deberán acreditar co seu correspondente certificado oficial. Tamén deberán posuír a súa correspondente licenza federativa ou licenza FEDDF, no caso dos discapacitados físicos, ou licenza FEDDI, no caso dos discapacitados intelectuais. No caso de non posuír ningunha delas, poderase solicitar xunto coa inscrición neste campionato.

Campionato Galego Alevín, Infantil, Xuvenil e Sub23

- Sistema de xogo por equipos femininos: Corbillón (mínimo de 2 xogadoras)
- Sistema de xogo por equipos masculinos: Copa do mundo (mínimo de 3 xogadores)

Campionato Galego Veterano

- Sistema de xogo por equipos femininos e equipos masculinos +50 e +60: Corbillón (mínimo de 2 xogadores/as)
- Sistema de xogo por equipos masculinos +40: Copa do mundo (mínimo de 3 xogadores)
- As probas a disputar son:
 - a. Equipos masculinos +40, +50, +60 e femininos.
 - b. Dobres masculinos +40, +50, +60 e femininos.
 - c. Dobres mixtos
 - d. Individuais masculinos +40, +50, +60, +65 e femininos.
- De non haber inscrición mínima nalgunha proba feminina, as inscritas poderán disputar a proba correspondente masculina de maior idade que se celebre, agás petición expresa das mesmas de participar nunha categoría de menor idade ata +40.
- De non haber inscrición mínima nalgunha proba masculina, os inscritos pasarían a integrarse dentro da seguinte categoría de menor idade.
- De darse algún dos casos anteriores, para que un equipo poida participar na proba de +40, deberán inscribir un 3º xogador. De non ser así, non poderían participar.
- Á marxe das consideracións anteriores, os xogadores tanto en individual, dobres, como en equipos, poden inscribirse nas probas de categoría de menor idade se así o desexan..



Campionato Galego Absoluto

- Sistema de xogo por equipos: Copa do mundo (mínimo de 3 xogadores/as)
- Cota máxima de participación:
 - 1) Equipos masculino: 8 equipos
 - 2) Equipos feminino: 8 equipos
 - 3) Individual masculino: 32 xogadores
 - 4) Individual feminino: 32 xogadoras
 - 5) Dobres masculino: 16 parellas
 - 6) Dobres feminino: 16 parellas
 - 7) Dobres mixtos: 32 parellas
- Para determinar as cotas de participación, así como a orde dos cabezas de serie nas probas de equipos, elaborárase un **ranking** de equipos inscritos en función das súas puntuacións totais. Estas **puntuacións totais** resultarán de sumar os tres xogadores/as de cada equipo con maior puntuación parcial.
- As puntuacións parciais para os xogadores/as inscritos adxudicaránse en función da seguinte táboa:

Estatus do xogador/a en ligas no momento de formaliza-la inscrición	Puntos
3ª Galega Masculina ou 1ª Galega Feminina	1
2ª Galega Masculina	2
1ª Galega Masculina ou 2ª Nacional Feminina	3
3ª Nacional Masculina	4
2ª Nacional Masculina	5
1ª Nacional	6
División de Honra	8
Superdivisión	10

- En caso de empate entre dous ou mais equipos, decidirá o seguinte orde:
 - 1) Equipo co 4º xogador con maior puntuación
 - 2) Equipo pertencente ó club cun equipo en maior categoría de ligas nacionais
 - 3) Sorteio
- As substitucións ou baixas posteriores ó peche de inscricións de xogadores nun equipo implicará a modificación correspondente da puntuación total do mesmo.
- Para as **probas individuais** elaborárase un ranking en función de:
 - 1) Status en liga do xogador/a
 - 2) Porcentaxe de vitorias na liga na que ten o status
 - 3) En caso de empate das anteriores, decidirá o porcentaxe de vitorias tendo en conta todas as ligas xogadas
 - 4) En caso de empate das anteriores, decidírase por sorteio.



FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: actividades@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

- Nas **probas de dobres** poderán inscribirse aqueles xogadores/as que obtivesen praza previamente na proba individual.
- Trala publicación dos listados provisionais, abrirase un prazo para que se poidan inscribir as parellas de dobres que non o fixeran ata o momento ou modificar as xa inscritas.

Vigo, 20 de Febreiro de 2023



*Fernando Alvarez
Comité de Actividades FGTM*